

opusdei.org

“O sentido de ter como espectador a Deus mesmo é o que me cambiou a vida”

Fernando Artal é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Traballa como profesor e pintor en Vigo. Está casado e ten tres fillos, dos que dous seguen os seus pasos e se adican á pintura.

02-10-2007

Como te fixeches do Opus Dei?

A vocación é unha chamada de Deus que chega no momento oportuno. Non a eliximos nós, elíxenos o Señor, pero como respecta a nosa liberdade, require o noso asentimento. Tampouco elixín ser pintor, foi a pintura, como unha das formas expresivas da beleza, quen providencialmente me elixiu a min.

Pero, que foi o que te levou a entregarte a Deus como membro da Obra?

Quen nos adicamos a iso das artes, temos a deformación profesional de estar atentos ao que nos rodea, como os nenos. Admirámonos selectivamente, sorprendémonos... En definitiva, contemplamos. A diferenza cos nenos é que case todos os artistas buscan atopar un sentido á contemplación, ser autoconscentes. Isto é, pasar da física á metafísica. Xa o fixera Gauguin na súa obra: *de*

onde vimos?, cara a onde imos?, que é o que somos?

A fascinación do que existe, a súa dimensión grande e pequena, a increíble orde, a súa beleza -que sería imposible sen Deus-, leváronme á necesidade de estar preto del dentro da miña vida pictórica e familiar.

E iso de “estar preto de El”, como se consegue?

É un intento, non sempre acadado, de ‘ver a través’, que é a definición -moi do gremio- de perspectiva. Os renacentistas inventaron un artefacto que consistía nun punto de mira e un vidro chamado “plano do cadrado”, sobre o que debuxaban o que vían a través do que estaba detrás do cristal. Eu tento de que ese plano do cadrado sexa Xesucristo, iso fai que mire con afecto e agarimo ao meu traballo, á miña familia, aos meus amigos e colegas.

Concretamente, como pintor, que aporta o Opus Dei á túa forma artística de expresión artística?

A Igrexa Católica nunca tivo, nin quere ter, un estilo artístico propio. O Opus Dei mantense fiel a ese principio de liberdade. Eu exprésome libremente, como me parece oportuno.

Pódese facer apostolado no ámbito artístico? Que hai da bohemia?

Se o artista busca a Beleza, xa está próximo á Verdade e ao Ben. Ás veces a relativiza, como algo subxectivo: ‘o que a min me parece belo, para ti pode non selo’. Deixando atrás a enorme complexidade dese tema, en ocasións hai puntos de incoherencia entre o que se di e a tendencia a inclinarse polo belo. Hai exemplos neste sentido. No fondo, o que subxace é o respecto humano polo ‘politicamente correcto’, ou simplemente a incomodidade a que

obrigaría un compromiso co
Absoluto.

No tocante á bohemia, é unha idea do Romanticismo, con poucos casos reais, protexidos a maioría das veces polo paraugas económico-familiar - incluído Van Gogh- e fomentado por algúns marchantes.

Como dialoga un artista coma ti con Deus, e cos demais de Deus?

Moitas veces dándolle grazas por todo o que recibín, tamén polas miñas carencias persoais, para que se note que se algo sae ben non é precisamente polas miñas cualidades baleiras, senón por telas El enchido de música, cor e arrecendo. Procuro que o meu diálogo cos demais sexa feito con respecto e sensibilidade.

Que cambiou na túa vida dende que es do Opus Dei?

O sentido..., o senso de ter como espectador a Deus mesmo. Ortega dicía que, segundo se tomase o oficio de pintor, así se pintaba, porque non existe unha forma xenérica de ser pintor, como de médico, etc.

Que pensamento ou ensinanza destacarías de san Xosemaría?

O de facer fincapé en algo importante e común a tódolos bautizados; que somos fillos moi queridos de Deus. Como consecuencia, “amor con amor se paga”: intentando que todo o día sexa unha ofrenda agarimosa a Deus. Polo tanto, facendo do traballo motivo de oración; por iso hai que facer as cousas ben feitas. San Xosemaría di que *“temos que convertir a prosa cotián en endecasílabos”*. Coincide neso cos neodadaístas, que afirman o de que “artistas somos todos”.

Pódese ensinar aos demais a ser artistas cristiáns?

Poderíase dicir que hai un paralelismo asombroso no feito de ser artista e cristián. En ámbalas dúas cousas hai que querer: e se non se pode agora, ao menos desexar querer.

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/o-sentido-de-ter-como-
espectador-a-deus-mesmo-e-o-que-me-
cambiou-a-vida/](https://opusdei.org/gl-es/article/o-sentido-de-ter-como-espectador-a-deus-mesmo-e-o-que-me-cambiou-a-vida/) (04-04-2026)